

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS - Servizo de Primaria

Resolución do 30 de xuño de 2009 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

TEXTO:

A base novena da Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio), pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, e para adquirir a habilitación en novas especialidades, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Realizada esta baremación nalgunha especialidade, procede publicar a puntuación provisional da fase de concurso.

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPÓN:

Primeiro.- Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e no enderezo de Internet <http://www.edu.xunta.es> o día 6 de xullo de 2009 as puntuacións provisionais do baremo establecido na orde do 8 de maio de 2009 das seguintes especialidades:

- Audición e linguaxe.
- Educación Infantil.
- Educación Primaria.

Segundo.- Contra estas puntuacións poderase presentar reclamacións no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ó da súa publicación, dirixidas ao Dirección Xeral de

Centros e Recursos Humanos.

Terceiro.- As reclamacións presentaranse a través do correo electrónico no enderezo de internet [http/www.persoal.primaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.es), ou ao fax 881999241, empregando o modelo que aparece no portal educativo.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos
José Manuel Pinal Rodríguez